

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº110/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de xullo/ Estado abafante pola calor

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



A asociación bueusa Os Galos, presenta o nº 19 da súa revista de divulgación marítimo-fluvial.

Páx. 1



Todos a nadar na 10ª edición da travesía Ons-Sanxenxo. Páx. 1



Falta vida mariña nas rochas de Ons. Por que non se investiga? Páx. 1




Roedor atopado polo investigador Waru en Melide. Páx. 3



Concertos no Acuña. Xullo 2025. Páx. 3

Personaxes da quincena pola Illa. Páx. 2



Importante traballo o que están a realizar os grupos de mantemento. Páx. 4



As gaivotas aunienses despois da limpeza de mesas e praias, descansan informando que traballan polos hábitats do Parque. Páx. 3



Árbores sobranceiras na Illa de Ons, ideais para participar para a mellor árbore senlleira de Galicia. Páx. 4


Protestas dos veciños e visitantes polos arranxos que se están a realizar na zona de Curro. Considéranos un gasto inútil que podería investirse noutros espazos da illa. Páx. 6



O Gran Cesáreo triunfa en Ribeira co documental "A última dorna de Ons". Páx. 6



Entregadas sinaturas á espera de coñecer o futuro do Faro de Ons. Páxs. 5-7



Sae o nº 19 da revista de divulgación marítima “Os Galos” que edita a asociación de Bueu do mesmo nome. Neste número destacaremos os artigos que teñen relación coa illa de Ons: “A Ons expropiada: Familia Riobó. Ministerio do Exército. Colonización. Centro Cívico” que asina **Tino Pardellas**, onde presenta cinco propostas de investigación sobre os feitos acaecidos en Ons entre os anos 1919-1965. Un segundo artigo escribo **Francisco R. Pastoriza**, co título “A Illa de Ons como escenario de ficción” nel reflicte a Ons cinematográfica e ofrece unha boa cantidade de bibliografía, xunto cunha enumeración de documentais e artigos, onde Ons é a protagonista.

E por último un terceiro artigo “A illa a eito” onde **Isidro Cortizo** e a cor, ofrece unha bonita estampa auniense cos seus cadros e comentarios.

O resto dos artigos, todos moi interesantes, son de temática mariñeira e centrados en Bueu e Ría de Pontevedra.

Coincidindo co seu 10º aniversario, vaise a celebrar a proba de natación entre a Illa de Ons e Sanxenxo o día 6 de setembro 2025. Como escriben no Diario de Santiago: “una travesía a nado de 13 kilómetros entre la playa de Arena de los Perros, en la isla de Ons, y la de Silgar, en Sanxenxo...” Chama a atención, aínda que a nota estea en castelán, que non se utilice correctamente a toponimia auniense <Area dos Cans>. Paralelamente a esta proba haberá en Ons unha serie de actividades paralelas, como son, segundo conta o Diario de Santiago:

- Una ruta guiada por la isla de Ons
- Un concurso fotográfico sobre la belleza natural del entorno
- Una recogida de residuos en la playa de Arena de los Perros, bajo el lema “Nos mojamos por el medio ambiente”

Esperamos que todo saia ben, como ocorreu en anos anteriores. Sen esquecerse do respecto pola Toponimia.



AS ROCHAS DA BANDA LESTE DE ONS, SEGUEN SEN VIDA MARIÑA

Todo foi un espellismo. En anteriores Onstopus comentábamnos que varios veciños nos comunicaran que comezaban a ver vida nas rochas de Ons, polo menos nas que están a carón do peirao. Vímolo con alegría, pensando que este verán, cando volvéramos, íamos mirar como hai anos, as rochas cheas de mexillóns, arneiróns, lapas, peneiras,... Pero non, volven a estar como os anos anteriores, completamente brancas e sen vida mariña.

Por que non se investiga este tema? Preocúpanos, pois na última reunión do Organismo Fantasma “Padroado das Illas Atlánticas” o patrón maior de Bueu, preguntou e propuxo unha investigación sobre o tema: “**El presidente de la Federación de Cofradías de Pontevedra y de la Cofradía San Martiño de Bueu, José Manuel Rosas, ha reclamado la realización de un estudio exhaustivo para conocer las causas de la falta de marisco en las rocas de Ons y Cíes**”

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2025/04/18/rosas-reclama-estudio-falta-marisco-116489204.html>

Cando o Sr. Rosas estaba preguntando sobre o tema, o Presidente do Padroado, Garrido Valenzuela, curmán do Presidente da Xunta, quitoulle a palabra, así o expresa: “**me interrumpió en el uso de la palabra, negándome el derecho a poder expresarme libremente**”...

Cal é o medo que teñen no Padroado para que non se estudie e investigue ese grave problema?

O Sr. Rosas rematou dicindo que: “**...estas son actuaciones «propias de otros tiempos» no deberían producirse jamás, y son propias de una actitud «autoritaria, prepotente y fuera de lugar**”

Algún día saberemos a verdade?

Arriba: Rochas da zona de Canexol sen vida, xullo de 2025
Abaixo: Mexillón nunha das escaleiras do peirao de Ons, febreiro

PERSONAXES DESTA QUINCENA



Esquerda: Os populares artesáns Choto e Ane, nun espazo do seu posto de venda de pura artesanía auniense.

Centro: Antonio-Carmelo, un dos mellores <bombeiros> que anima todas as festas populares. No caso de non atopar bombo, ben vale un capacho e un pau. Bravo por el!!!

Dereita: Despois de Cesáreo, hoxe en día, o auniense máis popular de Ons <Pepe de Miro>. Aquí o temos despois dunha incursión ata o faro do Camouco, onde, despois dun baño, agarróuselle unha “carracha” á perna. Trouxa para ensinar, pero, como tiña fame, comeuna.



O **Gran Cesáreo**, despois de que Roberto Vilar quere levalo ao seu programa televisivo, non lle paran de achegar amigos que se queren fotografar con el.

Aquí o temos, á esquerda con **Moncho** un dos patróns de pesca máis cotizado das rías baixas.

E, á dereita, con **Josecho**, o curapárroco de Bueu-Beluso-Ons na Festa do Carne de Bueu.



Esta quincena pasaron por Ons importantes personaxes.

Á esquerda **Pepa e Chechu**, gaditanos de pura cepa, que despois duns días en Ons, invitounos o **Gran Herbello** á Festa do Carne en Cangas.

Á dereita, case de incógnito e cos seus gardaespalas, o Papa **León XIV**, que quixo probar o polbo de Ons.



O PROGRAMA “O CAMAWEI E A ILLA”, *descubre unha nova especie de rata en Melide*

O Gran reporteiro-biólogo **Waru-Félix Rodríguez Camawei de la Fuente**, nunha das súas incursións polas paraxes naturais de Melide, na Illa de Ons, atopou unha especie de rata, pouco coñecida.

Así describe no seu documental o encontro con este roedor, que espera unha subvención da Xunta:


“Os reporteiros de “O Camawei e a Illa” atópanse nunha encrucillada. A rata común camawaiana, sae do <chococo> e deléitanos, no seu descanso matinal, cunhas fantásticas imaxes despois da súa inxesta de cucarachas.

Sen mais, podemos observar á rata común camawaiana, cheirando á espera de novas presas, esperando que nalgún momento, algunha se distraia para facer do seu paseo matutino, unha boa comida con sobremesa incluída.

O noso querido mamífero, ten un agarimo especial, como calquera gatiño doméstico, e podes acaríñalo, ver as súas fantásticas orellas e esas patas de “ratatouille”.

Despois desta pequena reportaxe, deixamos ao noso pequeno compañeiro ata a próxima visita. Aquí se despide o intrépido Waru-Félix, reporteiro especial do programa “O Camawei e a Illa.”

Miraremos se Parques concede unha boa subvención a Waru e podemos ver esta magnífica reportaxe pronto no Centro de Visitantes de Ons.



Concertos no Acuña

Ao igual que o ano pasado, o Grupo Acuña organizou neste

mes de xullo, concretamente os días 18 e 19, uns concertos no seu local á hora da cea que amenizou aos comensais.

O día 18 actuaron o dúo “Tonichi e Pacheco”, que xa o fixeran o ano pasado sendo un enorme éxito, e o día 19 outro dúo, coñecido como “Nacional 81”. Tanto un como outro demostraron que, cunha boa música, moderada e respectuosa, pode compaxinarse as actividades propias dun Parque Nacional coa cultura musical. Parabéns para a organización.



MÁIS ANIMAIS SINGULARES AUNIENSES


Se o investigador Waru-Félix logrou capturar as imaxes do roedor <Ratatouille>, o Tinón non ía a ser menos, e aquí vemos un par de fotos de gaivotas interactuando con outros animais ou posando fachendosas.

Si, aínda que están sendo atacadas polo botulismo, as gaivotas seguen presentes no Parque Nacional, e a carón de aproveitar o que os turistas “deixan” polas mesas, limpando os desperdicios, tamén saben posar para fotografías ou relacionarse con outros habitantes do Parque cos que comparten experiencias.



GRUPO DE MANTEMENTO FORESTAL DA ILLA DE ONS


De novo este ano, temos que agradecer ao grupo de mantemento que traballa en Ons, o seu labor, moi meticuloso e profesional. Nas fotos de arriba, vemos o comezo do traballo na zona de Caño, e na foto de abaixo á esquerda o magnífico traballo realizado na pequena carballeira de Melide, que, despois da corta que fixeron neste barrio de eucaliptos, en diferentes etapas, e sen reforestación ningunha, van a axudar a ter un pouco de sombra ás familias que deciden ir a pasar o día a esta paradisíaca praia nudista, así terán onde xantar, á sombra. Parabéns para este equipos.



ÁRBORES SOBRANCEIRAS AUNIENSES

Coido que, dentro do Parque Activo que estamos a promover, unha boa idea sería facilitar un folleto con todas as árbores e plantas máis interesantes que podemos atopar nas nosas viaxes pola illa.

Ese pequeno folleto con fotos e explicacións, podería ser realizado por especialistas aproveitando as subvencións que o propio Parque saca anualmente. Tamén habería que nomear e coidar as árbores máis sobranceiras que hai en Ons. Un exemplo: No camiño de Melide pola costa podemos atopar na zona de Curro unha enorme figueira, e unha interesante sobreira, ademais de castiñeiros na zona de Melide.



Este plátano, que se atopa na baixada ao peirao, chegou a ter, no seu momento, esta graciosa e curiosa nota, que sinalaba a súa fortaleza grazas a ser un dos principais mexadoiros que había no Curro á noite, cando os baños estaban a tope.

As asociacións:

Asociación ecoloxista de Bueu ANDUXÍA, Asociación de amigos das embarcacións tradicionais de Bueu OS GALOS, Asociación micolóxica naturalista LIBOREIRO, Asociación gastronómica cultural PINEIRONS,

EXPOÑEN:

A traves deste escrito facemos entrega das firmas recollidas dende xullo do 2024 ata xullo de 2025. Trátase dun total de **845 firmas** sobre o texto:

*“ Os/as abaixo asinantes solicitamos que o faro de Ons se converta nun **museo de faros**, para poñer en valor o propio faro e todos os elementos do patrimonio marítimo conservados no seu interior e aqueles outros que se poidan traer para a súa exposición. Rexeitamos calquera conversión do mesmo nun edificio de explotación privada como un hotel ou similar.”*

As firmas foron recollidas na propia illa de Ons e no municipio de Bueu. Con elas queremos constatar que existe **unha grande demanda social** sobre a musealización do faro de Ons

Entendemos as explicacións da autoridade Portuaria nas que indica que o Faro de Ons inda está operativo e é unha zona de traballo, pero eso non quita que se vaia planificando o seu uso futuro a curto e medio prazo.


De feito, faise necesaria a **elaboración dun proxecto de musealización** para o Faro de Ons, onde se indique os distintos usos das diferentes salas, etc.

Recentemente lemos na prensa que a Autoridade Portuaria de Vigo vai musealizar o faro de Cíes, mentres que o faro de Sálvora, dependente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, está xa en obras para converterse nun Centro de Visitantes, polo que cremos que chegou o momento de abordar a musealización do Faro de Ons.

SOLICITAN

- Que se teña en conta estas firmas que reflicten una grande demanda social de musealización do faro de Ons
- Que se elabore un proxecto de musealización para o faro de Ons

Bueu, 21 de xullo do 2025



MUSEALIZACIÓN DO FARO DE ONS

Dende hai un bo número de anos, que comezaron a automatizar os Faros e viamos que corrían o perigo de deteriorarse ou, o que sería peor, vandalizarse, decidimos saír á prensa e enviar escritos para que aos Faros, a medida que ían quedando baleiros de persoal, se lles buscasse unha nova vida, a carón loxicamente, de seguir servindo para axuda á navegación. Dende a administración decidiron a súa privatización por medio de concesións e, como estamos a ver pola nosa costa, para dedicalos a temática de hostalería e restauración, unha opción pasable, aínda que nós avogabamos pola dedicación cultural, dando a idea de dedicalos a Museos de Bisbarra.

Como a idea de futuro era automatizar todos os Faros, estabamos á espera do que podería ocorrer co Faro de Ons e, dende Pineiróns, xa tiñamos en mentes esa posibilidade e preparamos a nosa idea para, no momento en que se automatizara e quedara orfo de fareiros, propoñela, reivindicala e loitar por ela: **“Dedicación Cultural como Museo dos Faros, Fareiros e Naufraxios con Biblioteca especializada sobre temática de Ons, da illas do Parque e marítima”**.

O pasado ano 2024, vendo que o tema da automatización do Faro xa era unha realidade, xubiláramos un dos fareiros e que os outros dous estaban a piques de facelo ou lles buscarían un novo traballo en terra, que decidimos comezar a nosa reivindicación para que, dende a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, ou a quen correspondera, buscara unha alternativa adecuada para o futuro do Faro de Ons, e presentamos as nosas suxestións:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/29/19-Faro-Asociacion.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/18/04-Tinon.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/92/onstopus-92.pdf>


Estas foron expostas no nº 29 da revista cultural **AUNIOS**, no nº 18 da revista de divulgación marítima **Os Galos** e, especialmente no nº 92 do minixornal dixital **ONSTOPUS** que ten unha ampla difusión por internet e que foi entregada por correo postal á propia Autoridade Portuaria de Marín, responsable do futuro do Faro de Ons.

Paralelamente, outras asociacións vinculadas co mar e Ons, tamén tomaron a súa iniciativa de reivindicación cultural para o Faro de Ons, estas son: Anduxía, Liboreiro e Os Galos, que presentaron escritos no concello e na Autoridade Portuaria e saíron á prensa para dar a coñecer a súa postura.

Decidimos agruparnos as catro asociacións e comezamos cunha, nun principio, presentación da nosa proposta de Centro Cultural para o Faro e ao seu carón unha recolleita de sinaturas que tivo un éxito interesante.

Vimos de presentalas para que dende a Autoridade Portuaria saiba da nosa suxestión e para que explique que idea de futuro ten para o Faro de Ons, vendo que as Autoridades Portuarias de Vilagarcía e Vigo xa tomaron unha decisión para os Faros de Sálvora e Cíes.

Ben, quedamos á espera para, pasado o verán, mirar de ter unha reunión coa A. Portuaria ao respecto.



Lancha da Garda Civil chegando a Ons para o traslado.

Arranxos que están a levar en Ons

Seguen algúns arranxos, que deberían estar feitos dende hai dous anos, na zona de Curro. Hai un enorme malestar por parte dos veciños, polo cambio da lousas, que estaban perfectas, por *adoquíns*, pero, sobre todo, por como discorren as obras. Como lles digo, é importante que esas protestas as fagan chegar á administración, de xeito persoal ou por medio da asociación veciñal e por escrito, para ser efectivas. Comentaremos no próximo Onstopus o tema, importantísimo, das novas rodeiras a Pereiró.

Ante un complicado suceso en Ons, quero deixar claro o importante labor levado a cabo pola ATS de garda, polos gardas forestais (Luís e Julio), polo equipo de mantemento e por persoas particulares que non dubidaron en prestar a súa axuda. Tamén aos compoñentes da lancha da Garda Civil do Mar que despois de comunicar co helicóptero e a Salvamar, foi a única que accedeu a trasladar ao paciente a terra.



DOCUMENTAL “A ÚLTIMA DORNA DE ONS”

Con importante asistencia de público, presentouse neste pasado mes de xullo en Ribeira o documental “A última dorna de Ons”.

Deuse a circunstancia que asistiron uns xornalistas portugueses que queren levar o documental o Alentejo e a Povia do Varzim. Fantástico!!! Así deberían presentarse ao público, todos os traballos e proxectos subvencionados polo Parque Nacional, pois unha grande maioría son de enorme interese para especialistas e público en xeral.



A familia de Alvarito e María gozando, xunto ao neto Mael e amigo, do día do Carne, na procesión marítima en Cangas.

Juana, outra auniense de adopción, todos os anos saca un deseño de camiseta para os seus netos. Este ano tocou o Faro. Bo xeito de reivindicar o espazo cultural.



FARO de ONS

NAS MANS DE QUEN ESTÁ O FUTURO DO FARO de ONS?

A *Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra*, é a que ten nas súas mans o destino futuro do Faro de Ons.

Pero non debemos de esquecernos que Ons é parte integrante do único Parque Nacional de Galicia, polo que a *Consellería de Medio Ambiente e o Parque*, tamén teñen moito que dicir no futuro deste Faro.

Á vez outros organismos como a *Consellería de Cultura, Portos, Turismo,,,, e o concello de Bueu*, non poden quedarse á marxe deste importante asunto.

Ata o de agora, só se pronunciou o Concello de Bueu e, politicamente, o BNG, os demais organismos e partidos, como se non existiran.

Estamos á espera de que haxa un pronunciamento institucional e político sobre este importante tema, como xa ocorreu cos Faros de Sálvora e Cíes.

FARO de ONS. Centro Cultural

